

BANDO DA ALCALDÍA

DIA MUNDIAL DO TURISMO

Hoxe, 27 de setembro é o Día Internacional do Turismo e desde a cidade de Santiago de Compostela, queremos felicitar a toda a xente que nos visita e ao sector turístico que fai posible ofrecerlles unha excelente acollida.

Santiago de Compostela, cidade afeita ao longo do tempo ao turismo, quere manifestar explicitamente o seu aprecio polo visitante neste día.

É por iso polo que o Concello de Santiago se adheriu ao Código de Ética no Turismo, desenvolvido pola Organización Mundial de Turismo. **En consecuencia, como recolle o artigo primeiro, as comunidades receptoras de turistas e os axentes profesionais locais, deben aprender a coñecer e a respectar aos turistas que os visitan, e informárense sobre os seus modos de vida, gustos e expectativas. Así mesmo, esta adhesión destaca que os recursos turísticos pertencen ao Patrimonio Común da Humanidade.**

O turismo contribúe ao desenvolvemento económico, social e ambiental, sendo nunha peza clave para o crecemento xeral e equilibrado de Compostela. Nesta liña debe facilitar unha relación máis respectuosa e sostible co entorno da cidade.

O título de Patrimonio da Humanidade é un compromiso mutuo entre a Cidade e os milleiros de visitantes que recibe Santiago cada ano, deste modo chamamos a atención do turista para que viva este patrimonio como parte de si, que se sinta parte deste grande conxunto da humanidade.

A Administración Pública e o sector turístico deben seguir traballando para manter ou incrementar a calidade de vida da poboación local e a calidade da experiencia do visitante, esa atmósfera especial de **Santiago de Compostela**.

Desde o noso Concello pedimos ao turista que nos transmita as súas peticións e os seus desexos, e ao sector que traballe xunto coas entidades adicadas ao turismo nos programas de calidade orientados a mellorar a oferta.

Desexamos a todos os visitantes, traballadores e profesionais do turismo un magnífico **Día Internacional do Turismo**.

O Alcalde

Xosé A. Sánchez Bugallo

27 de Setembro de 2004